

O acto público de apertura do sobre C (documentación relativa a criterios avaliábeis de forma automática) terá lugar no salón de actos da sede dos servizos centrais do Instituto Galego da Vivenda e Solo, ás dez (10.00) horas da data que será anunciada, con tres días hábiles de antelación a su realización, no perfil do contratante.

11. Gasto do anuncio.

O importe do anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2011.

Antonio José Boné Pina  
Director xeral do Instituto Galego  
da Vivenda e Solo

### TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

*Resolución do 23 de febreiro de 2011 pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de contratación directa para o aluguer dun local como sede deste tribunal.*

O Tribunal Galego de Defensa da Competencia ten a súa sede provisional desde a súa creación no local situado no nº 34, letras F2-G-H-I, do primeiro andar do centro comercial Área Central de Santiago de Compostela.

Os diversos investimentos que este organismo vén destinando á adecuación deste local ás súas necesidades, así como as molestias e gastos que comportaría o cambio a unha nova sede provisional fan que este local teña unhas características peculiares que aconsellan a utilización do procedemento de contratación directa para o seu aluguer.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no artigo 18º.2 e 22º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 55º do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do patrimonio, e ao abeiro das competencias que teño atribuídas pola Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

#### RESOLVO:

Facer pública a tramitación dun procedemento de concertación directa na contratación do aluguer do local nº 34, letras F2-G-H-I, do primeiro andar do centro comercial Área Central de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2011.

Francisco Hernández Rodríguez  
Presidente do Tribunal Galego de Defensa  
da Competencia

### UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### Anuncio.

Produciuse extravío do título do CAP, expedido pola USC a favor de Susana Páramo Fernández, con número de rexistro universitario 1324.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2011.

Lourdes Noya Ferreiro  
Secretaria xeral da Universidade de Santiago  
de Compostela

### b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### CONCELLO DE ARES

*Edicto sobre a aprobación definitiva do estudo de detalle dun treito da estrada Redes-Ares, no lugar da Tenza.*

Faise público que o Pleno do concello, na sesión do día 27 de xaneiro de 2011, aprobou con carácter definitivo o estudo de detalle de iniciativa privada, presentado por Cristina Naveiro Rodríguez, estudo de detalle dun tramo da estrada de Redes a Ares, no lugar da Tenza.

Contra este acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación (artigo 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa) perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol ou diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia - Sala do Contencioso-Administrativo- (segundo a distribución competencial establecida polos artigos 8º e 10º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), advertíndose que tamén se poderá utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente e exercer as accións que procedan perante a xurisdición competente.

Ares, 14 de febreiro de 2011.

Julio Ignacio Iglesias Redondo  
Alcalde

#### CONCELLO DE CARIÑO

#### Anuncio.

Elisa Brión Sobrido, en representación da sociedade *GMR, S.L.*, presentou unha solicitude de licenza, co proxecto correspondente, neste Concello de Cariño.